www.carnota.gal

Carnota
agasallo natural

+ info | 981 857 032
carnota.gal

Concello de Carnota
Praza de San Gregorio, 19
15293 Carnota, A Coruña

Concello de Carnota

Deputación DA CORUÑA

7 km de area

Carnota

O concello de Carnota ten un atractivo único; un patrimonio natural incalculable, unha gran riqueza arqueolóxica, paisaxística, cultural e gastronómica. ***É un lugar indispensable en calquera viaxe por Galicia.***

Hai unha grande oferta de actividades para os visitantes, un montón de cousas que facer tanto se es un namorado da praia como da montaña; poderás planificar a túa viaxe segundo as túas preferencias, pero ***sempre che quedará algún lugar por descubrir, unha lenda por coñecer ou algunha experiencia para vivir.***

Patrimonio

O rico pasado destas terras queda patente na abundancia dos vestixios arqueolóxicos e no patrimonio arquitéctonico e cultural, que atestiguan a continuidade e a evolución histórica desde os primeiros poboadores ata os nosos días. O patrimonio relixioso e o etnogáfico reflicten un próspero pasado, onde as edificacións destinadas ao almacenamento de excedentes adquiren proporcións monumentais. Os celtas, a Gran Guerra Irmandiña ou a Guerra de Independencia Española tamén deixaron a súa pegada neste territorio.

RELIXIOSO
Templos de estilo barroco, cruceiros e pequenas capelas con encanto. Cabe destacar as ***igrexas barrocas de San Mamede e a de Santa Comba de Carnota.*** A primeira conserva no seu interior un fermoso **retablo neoclásico do escultor Ferreiro;** e a segunda, integrada **no conxunto arquitectónico do hórreo de Carnota,** ten unha torre-campanario obra do mestre canteiro Carlos Aboy.

A Igrexa de San Clemente, fronte á praia do Pindo; a capela dos Remedios, que segundo a tradición popular foi construída en honor á aparición da virxe nese mesmo lugar; cruceiros como o da capela de San Gregorio son outros **elementos interesantes do patrimonio relixioso.**

ETNOGRÁFICO
A expresión da arquitectura popular en Carnota está representada en construcións ligadas ás actividades económicas e aos recursos da contorna. Atoparemos unha paisaxe salpicada de hórreos, muíños, pombais e casetas de mariñeiros que son a esencia desta terra.

CIVIL
O faro de Lariño, en Punta Insua, ilumina a costa dende a ría de Muros ata a de Corcubión. Este edificio construído en 1920, convertido recentemente en hotel, está nun enclave privilexiado preto da praia de Lariño, con vistas ao monte Louro. Merece a pena achegarse e aproveitar para pasar un día de praia e desfrutar dun máxico solpor.





Pasado

Museo Arqueolóxico Aberto

Unha apaixonante viaxe ao pasado, un percorrido ao longo de 10 km que transita entre bosques e espazos naturais con panorámicas privilexiadas. Neste museo ao aire libre poderás coñecer os xacementos arqueolóxicos máis importantes do territorio.

Descubrirás **petróglifos da Idade de Bronce,** datados entre o III e o II milenio a. de C., con representacións de círculos concéntricos, zoomorfos, armas, cruces ou embarcacións. Os petróglifos que conforman o museo son: ***A Laxe Escrita, As Laxiñas, O Afilladuiro, Prousos Magos e Rego Lamoso.***

Marabillas coma o ***castro de Mallou*** e a ***Torre dos Mouros*** completan este itinerario a través da historia. **O Museo Arqueolóxico Aberto** transcorre ao longo da **Senda Verde.**

Portos

Para entender a importancia do vínculo que ten Carnota co mar hai que coñecer os seus pintorescos portos, onde chega o mellor peixe destas augas. Non deixes de visitar o porto mariñeiro de Lira, que ten unha lonxa e paseo marítimo; o do Pindo destinado ao amarre da pesca artesanal, e o de Quilmas, situado na mesma praia e rodeado das casetas de pescadores e ruínas de antigas fábricas de salgaduira.





Miradoiros

En Carnota atopamos dous dos *miradoiros máis impresionantes da Costa da Morte.* Desde estes enclaves estratéxicos é posible contemplar panorámicas infinitas que impresionan pola súa beleza.

O miradoiro de Louredo é unha parada obrigada para todos os visitantes, pois desde aquí pódese ***contemplar unha das paisaxes máis fermosas de Galicia.*** O miradoiro de Lira asómase a unhas vistas ***espectaculares da praia de Carnota e do monte Pindo.*** Ambos contan cunha área de descanso con mesas e bancos onde facer unha agradable pausa.

A praia de Carnota é un deses lugares que te deixan sen alento; un areal de 7 km de longo en forma de media lúa perfecta e flanqueado por un conxunto de dunas e marismas cunha lagoa interior; como telón de fondo o monte Pindo míranos desde as alturas da súa áspera beleza.

No centro da praia, **o estuario do río Vadebois** configura unha impresionante paisaxe de enormes pedras e pozas naturais de augas cristalinas, ***A Boca do Río,*** un lugar moi coñecido e apreciado polos bañistas, onde ademais poderás desfrutar dun enclave privilexiado para a **observación de aves acuáticas, mariñas e terrestres.**

Rede Natura

O espazo natural ZEC Carnota-Monte Pindo está catalogado como zona especial de conservación, dentro da Rede Natura 2000. A área que comprende o ***monte Pindo, a praia de Carnota, o sistema dunar e as marismas asociadas,*** atesoura un dominio de hábitats de interese comunitario. Un espazo natural que acolle multitude de especies animais e vexetais que conforman **ecosistemas únicos.** Pódense atopar especies de flora como o **carballo anano** ***(Quercus lusitanica)*** incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas; o **musgo de turbera** ***(Sphagnum pylaisii);*** mamíferos como a **lontra** ***(Lutra lutra);*** aves como a ***píllara papuda (Charadrius alexandrinus)*** que elixe Carnota como un dos poucos lugares de Galicia para aniñar; ou invertebrados como o **escaravello das aciñeiras** ***(Cerambyx cerdo),*** entre outras.

Festas

As festas en Carnota teñen carácter propio, dende o Entroido ao San Xoán, todas teñen un punto diferente. Se queres presenciar ***a queima do "Nicolás",*** a representación do mal en San Xoán, degustar pratos típicos cós produtos da terra na ***"Cachelada de Mallou"*** ou asistir a feira de promoción local ***"Víndemo Ver"*** ou ao ***Festórreo***, estas son as túas festas.



Natureza

A natureza de Carnota é un auténtico tesouro, un patrimonio moi valioso que merece ser coñecido e respectado. Unha contorna recoñecida pola súa biodiversidade e o valor ecolóxico das especies que acolle.

Alternando vales e montañas e sempre mirando ao mar, as terras de Carnota ofrecen moitas posibilidades para os amantes da natureza. **Un paraíso para perderse na montaña, para descubrir bosques con petróglifos, castros e fortificacións, fervenzas e regatos.**

O monte Pindo é un universo á parte que te atrapa, **unha experiencia que non se pode describir.** Outra opción moi conveniente é achegarse ata a **fervenza de Pedrafigueira**, situada nunha carballeira ás beiras do río Pedrafigueira, nas inmediacións do **Bico do Santo.** O curso do río vai formando unha serie de saltos de auga ata chegar á fervenza, un lugar que parece sacado dun conto.

Para chegar pódese facer o roteiro que parte de **Lamas de Castelo,** unha agradeable camiñata de pouco máis de 1 Km.

O litoral é tan espectacular como a montaña. As praias salvaxes, calas de area branca e augas cristalinas, fértiles marismas, rochas de granito rosado que reflicten a máxica luz do solpor, configuran unha paisaxe inesquecible.

Ademais da ***praia de Carnota e as marismas de Caldebarcos, de obrigada visita;*** é moi recomendable facer un percorrido pola costa, descubrirás outros lugares, outras vistas incríbles, outras praias e verás como un mar embravecido pode tornarse manso e apracible.

Olimpo Celta

Monte Pindo

Este descomunal coloso de pedra, que se alza desde o mar, alcanza os 627 m de altura e está catalogado como Punto de Interese Xeolóxico de Importancia Nacional. A insólita beleza da súa paisaxe de rochas espidas mergúllanos nun soño imposible de figuras que semellan xigantes, guerreiros, demos, tartarugas, leóns e seres imaxinarios. *O monte Pindo é ademais unha xoia natural pola súa biodiversidade,* que alberga especies de alto valor ecolóxico. Os restos arqueolóxicos sitúan aquí grandes murallas defensivas e o *castelo de San Xurxo.*

SIMBOLOXÍA

- Punto de información
- Igrexa Santuario
- Pombal
- Hórreo
- Castelo / Fortaleza
- Praia
- Faro
- Fervenza
- Petróglifo
- Cima
- Murallas
- Cova
- Marismas
- Castro
- Xigante da Mina
- Miradoiro

RUTAS PINDO

- R1 Ruta dende O Fieiro
- R2 Ruta dende O Pindo

ROTEIROS

- R3 Senda Verde
- R4 Camiños de andar ao Mar
- R5 Camiño dos Costados
- R6 Bico do Santo
- R7 Fervenza de Pedrafigueira

Carnota agasallo natural

Rutas monte Pindo

As rutas do Pindo están entre as máis extraordinarias de Galicia. Para descubrir o monte Pindo hai que camiñalo; só existe unha forma de rodearse desta beleza: internándose nel.

Recomendamos especialmente 2 percorridos para descubrir a maxia deste **"gran coloso".** *O que parte dende O Pindo e o que comeza na aldea do Fieiro.* Camiños que transitan entre enormes bolos graníticos e rochas antropomorfas que conducen a impoñente **Laxa da Moa situada a 627 m sobre o nivel do mar.**

Os segredos que agochan estas pedras son un espectáculo para os sentidos, unha experiencia única que vivirás percorrendo estes sendeiros.

R1	RUTA DENDE O FIEIRO
> **Lonxitude**	3.900 m (+/-)
> **Pendente media**	7 %
> **Saída**	O Fieiro
> **Fin**	A Moa
> **Cota de fin**	627 msnm
> **Dificultade**	Media
> **Duración**	1:30 h (ida)

R2	RUTA DENDE O PINDO
> **Lonxitude**	4.100 m (+/-)
> **Pendente media**	14 %
> **Saídas**	O Pindo
	Quilmas
	Vadebois
> **Fin**	A Moa
> **Cota de fin**	627 msnm
> **Dificultade**	Alta
> **Duración**	2 h (ida)

**** Existen outras rutas que conducen ás ruínas dun castelo medieval e a emblemática fervenza do Ézaro e outras de díficil acceso como o pico Penafiel ou A Cova da Xoana non aptas para todos os públicos polo seu nivel de dificultade. Para estas últimas rutas recomendamos consultar o seu estado.***

Rutas

Hai un xeito diferente de coñecer Carnota, os roteiros, que transcorren entre bosques e outeiros ou pola beira do mar, visitando praias, faros, hórreos, petroglifos, castros e pequenas aldeas.

Poderás elixir entre unha ampla variedade de rutas diferentes, que te levarán a coñecer os puntos de maior interese do concello; aínda que a mellor opción é facelas todas, se dispós de varios días. Unha das indispensables é a *Senda Verde,* un itinerario para descubrir *a gran riqueza natural, paisaxística e arqueolóxica de Carnota.*

Atoparás paneis informativos sobre os elementos patrimoniais máis destacados, como *A Laxe Escrita* ou o *castro de Mallou.* Os 14 km que separan **O Ancoradoiro de Louredo** poderás facelos **en bicicleta, a pé ou mesmo a cabalo.**
Se queres admirar a beleza destas costas son moi recomendables as rutas polo litoral, de curta duración e moi vinculadas á tradición mariñeira.

Non te podes perder a Ruta os "Camiños de andar ao mar" e o "Camiño dos Costados" ou visitar as casetas de pescadores de Caldebarcos.

Hórreos

En Carnota están catalogados cerca de 900 horreos; este elemento fundamental da nosa tradición alcanza nos exemplos de Lira e Carnota unhas dimensións sorprendentes. O de Lira, a pesar de ser menos coñecido ten unhas características semellantes ao de Carnota, chegando aos 36 m de lonxitude.

O hórreo de Carnota é un dos máis emblemáticos e coñecidos de toda Galicia, un símbolo distintivo do concello carnotán e un elemento de obrigada visita no noso percorrido pola Costa da Morte. Esta xoia do patrimonio galego foi construída en 1768.

O hórreo de estilo barroco, repousa sobre 22 pares de pés e forma parte dun conxunto arquitectónico de gran beleza composto pola igrexa, a casa reitoral e o pombal. ***Este xigante de 34 m de lonxitude está catalogado como "Monumento Nacional".***